



# COSTA DE MIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2019



Distancia: 8,5 km (lineal) + camiñadas  
Dificultade: baixa



- 1- Illa do Carbón
- 2-Praia de San Pedro (Perbes)
- 3-Praia de Marín
- 4-Punta do Toxo
- 5-Punta Redonda
- 6-Praia do Lago
- 7-Río Xarío
- 8-Praia Grande de Miño.  
Enseada de Bañobre.
- 9-Esteiro do río Baxoi
- 10-Punta Satareixas
- 11-MIÑO. Porto.
- 12-Praia Pequena de Miño,  
ou da Ribeira
- 13-Punta Sumiño
- 14-Punta do Gafo
- 15-Praia da Alameda.
- 16-Esteiro do río Lambre.  
Ponte do Porco.

O concello de Miño está situado na marxe dereita da ría de Betanzos, nun territorio que forma parte das Mariñas, de relevo moi variado e irregular, pero de pouca altura. O río Baxoi é o principal curso fluvial do concello. Atravésao de leste a oeste e forma un amplo esteiro e a barra onde se asenta a praia de Miño. O río Lambre fai de linde polo sur. A costa alterna amplos areas protexidas con zonas rochosas de pouca altura. As principais actividades son os servizos, en especial o turismo, a agrogandaría, a pesca e o marisqueo. O litoral de Miño acolle importantes valores naturais. Unha parte está protexida no LIC “Betanzos-Mandeo”. O “Esteiro do Baxoi” está propostos como LIC/ZEC e pendente de aprobación.



O litoral de Miño está formado por cantís, que reciben as ondas do mar aberto pola ampla boca da ría de Betanzos, e praias que se acollen nos seos que se forman entre as puntas. O elemento máis destacado é a praia Grande e a súa frecha na que se amorea a area coa que o mar quere pechar a saída do río Baxoi e a forza coa que a corrente do río se abre paso.



A Ría de Betanzos entre a praia de Miño e a costa de Sada



## PERCORRIDO

Comezamos en **Perbes**, na estrada de Pontedeume a Miño pola costa, para ir atopando os desvíos á dereita. En canto entramos no concello temos á dereita a **praia de Perbes**, ou de **San Pedro**, que comparten Pontedeume e Miño, logo aínda que a estrada ten un trazado próximo á costa non é posible achegarse a ela porque o impiden os peches das parcelas, e onde non é así tampouco se ve porque a tapa a liña de vexetación que se asenta na beira do cantil. A 1,5 km da praia de Perbes atopamos, á dereita da estrada, un aparcamento, é o punto onde podemos deixar o coche para baixar, por un carreiro que hai á dereita que logo segue por unha escaleira de 110 chanzos, á **praia de Lago**. Un pouco adiante da praia de Lago, pasada unha curva, temos unha panorámica da **praia Grande de Miño** á que logo chegamos despois de cruzar a ponte do **rego Xarío** e a ponte do **esteiro do río Baxoi**, para comezar a longa recta con aparcamentos e varios accesos ao areal. A uns 400 m do remate da praia temos, á dereita, a baixada ao porto desde onde se pode acceder a pé á **praia da Ribeira**, coñecida tamén como a **praia Pequena de Miño**. Do porto volvemos á estrada e cruzamos a localidade para incorporarnos á estrada principal desde a que, a pouco máis de 1 km, temos o desvío á **Ponte do Porco** para ver o esteiro e a desembocadura do **río Lambre**, linde do concello, e a **praia da Alameda**.



## RÍA DE BETANZOS

Mide 12 km de fondo e presenta dous sectores ben diferenciados. O primeiro, de Betanzos ata a ponte do Pedrido, é un esteiro típico onde sedimentan os materiais transportados polo río Mandeo. O segundo, entre as puntas Lavadoira e Torella, é máis amplo e conflúe coa ría de Ares. As rochas dominantes son xistos, filitas e lousas. É unha importante zona marisqueira.



1- Illa do Carbón



2-Praia de San Pedro (Perbes)







Punta que separa as praias de San Pedro e de Marín



3-Praia de Marín



4-Punta do Toxo



Punta do Toxo




5-Punta Redonda





6-Praia do Lago



7-Río Xarío



Praia Grande de Miño (1.360 m), na flecha que pecha o esteiro do río Baxoi. Miño é un dos centros de veraneo máis importantes de Galiza.

8-Praia Grande de Miño. Enseada de Bañobre.





#### 9-Esteiro do río Baxoi.

Os ríos Anduriña e Vilariño que nacen en Monfero, na serra do Queixeiro, forman o Xurio, en Vilarmaior, nomeado Baxoi en Miño, onde desemboca orixinando, en acción conxunta co mar, unha flecha de area que forma a praia Grande de Miño.

O LIC/ZEC “Esteiro do Baxoi” (pendente de aprobación) inclúe o tramo final do río Baxoi desde Ponte Baxoi ata a punta Redonda e unha pequena parte da flecha que forma a praia Grande de Miño.

Os ecosistemas de maior interese son o esteiro, as dunas e un pequeno bosque de ribeira.



Parella de lavancos, unha das aves máis comúns dos esteiros e marismas.






10-Punta Satareixas



11-MIÑO. Porto.



12-Praia Pequena de Miño, de Sumiño ou da Ribeira. No inverno as praias próximas ás desembocaduras dos ríos quedan cubertas polos materiais arrastrados polas correntes, maiormente follas secas e restos de madeira.





13-Punta Sumiño e cantís entre a punta de Gafo e punta Sumiño



14-Punta do Gafo





15-Praia da Alameda. Ponte do Porco.



Praia da Ponte do Porco.



16-Esteiro do río Lambre.  
O Lambre nace no Monte da Pena da Uz (Monfero) e desemboca na Ponte do Porco na ría de Betanzos facendo fronteira entre os concellos de Paderne e Miño.

**LIC/ZEC "Betanzos-Mandeo"**  
No concello de Miño protexe o tramo entre a desembocadura do Lambre e a praia da Ribeira, unha área de cantís co fondo areoso na que quedan ao descuberto amplos areas ao debalar a marea.